



C-9.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

DATOS DO/A SOLICITANTE	Nome e Apelidos		DNI/CIF	
	Nome e apelidos do representante		DNI/CIF	
	Enderezo:		Cód. Postal	Localidade
	Teléfono:	Email:		
DATOS DA OBRA				
Enderezo:		Localidade:	CP:	Referencia catastral:
Expte. licenza de obra: núm.:			Data presentación proxecto de execución:	

De acordo co anterior, DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta e que achega toda a documentación preceptiva que acredita que:

- Que se cumpriron a totalidade das condicións impostas na licenza de obra (cesións obrigatorias, urbanización exterior, e demais condicións particulares incluídas no documento) e, no seu caso, foron executadas as obras complementarias de urbanización.
- Que foron repostos ou reparados os pavimentos, conducións e cantos outros elementos urbanísticos resultasen afectados pola execución das obras e retirados a totalidade das estadas ou elementos materiais sobrantes (material de obra, valos, etc.)
- Que a edificación se atopa rematada e axústase ao título habilitante outorgado.
- Que a edificación rematada cumpre cos requisitos exixidos para o uso ao que se destina, de conformidade co título habilitante en materia urbanística outorgado.
- Que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.

AUTORIZA a esta administración, aos efectos da normattiva de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telématica con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á comunicación previa solicitada e **COMUNICA** que ocupará a edificación a partir do día _____ (a comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días).

ADVIRTESELE QUE consonte co disposto no artigo 146.2 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, a comunicación previa, transcorrido o prazo de 15 días hábiles dende a súa presentación, constitúe título habilitante para o inicio da actuación comunicada sempre que cumpra cos requisitos esixidos pola normativa de aplicación, requisitos que na súa comunicación manifesta que cumpre baixo a súa responsabilidade, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte deste Concello.

Lémbrese que a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa, comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos. Así mesmo a resolución administrativa que constante as circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia da responsabilidade.

AUTORIZO, de acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen en ficheiros titularidade do Concello coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os ditos datos trataranse de xeito confidencial, pudiendo cederse só nos casos previstos na Lei orgánica anteriormente sinalada. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición (na medida que a Lei o permita) dos seus datos, comunicando este feito por escrito ao Concello e adxuntando copia de documento que acredite a súa identidade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA PRESENTE SOLICITUDE

Impreso C-9.- Comunicación previa de licenza de primeira ocupación.

Datos identificativos do solicitante:

- Persoas físicas: Copia dun documento acreditativo de identidade do solicitante ou do representante legal (segundo acreditación que se achega consistente en autorización expresa do solicitante, poder notarial ou declaración responsable).
- Persoas xurídicas: D.N.I. do representante da entidade e da documentación acreditativa da representación e escritura ou documentos de constitución e/ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos no Rexistro Público que corresponda.

Liquidación das preceptivas taxas municipais (**146,11 € / vivenda na conta do BANCO SANTANDER ES26 0238 8160 1306 6000 0369**)ⁱ

Copia da licenza de obra outorgada.

Copia do alta do inmovible no catastro ou, cando menos, da súa solicitude.

Fotografías da totalidade das fachadas do inmovible

Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.

No caso de variacións de detalle na obra executada deberá presentar memoria e planos da situación final da obras no que que recollan, describan e identifiquen as variacións introducidas.

De ser o caso, Boletín de instalación das infraestruturas comúns de telecomunicacións

NO CASO DE QUE A EDIFICACIÓN TEÑA POR OBXECTO O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Certificación de fin de obra das instalacións conforme estas se executaron de acordo co proxecto e licenzas que se autorizados, asinada polos técnicos intervinentes e visada polos seus respectivos colexios profesionais.

No seu caso, medicións sonométricas acreditativas do illamento acústico do local, de acordo co disposto na normativa de aplicación e, no seu defecto, documento no que se sinala o cumprimento do Real Decreto 106/2015, de 9 de julio, sobre contaminación acústica de Galicia:

Informe de cumprimento dos requisitos indicados no artigo 12 do Real Decreto 106/2015, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais nos que se pretenda desenvolver a actividade que partindo da clasificación de actividades no apartado a) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados no apartado b).

Comunicación expresa de que a actividade producirá niveis sonoros iguais ou inferiores, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas coma sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requiran especial protección contra a contaminación acústica.

Ares, de de .

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARES

ⁱ No asunto ou concepto do pago deberá indicar o enderezo do inmovible para o que se presenta a primeira ocupación así como o concepto do ingreso (p. ex. *Asunto: Licencia de primera ocupación en (la dirección del inmueble)*)